

**CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO
ENCUNTROS CULTURAIS DO OUTONO 2008 .
PROGRAMACIÓN TEATRAL.HOMENAXE A “ROBERTO VIDAL BOLAÑO.”**

O vindeiro venres día 19 de decembro terá lugar a décima das representacións teatrais dos Encuentros culturais do Outono 2008 ás 19:30 horas no Edificio de Servizos Múltiples de O Burgo a cargo da compañía “TITERES CACHIRULO “ que poñerá en escena o espectáculo “DO, RE, MI, MOZART XOGA AQUÍ ” orixinal de JORGE REY.

Con esta función continúa o ciclo de teatro infantil para o mes de Nadal que contará coa presenza en Culleredo das mellores compañías de teatro infantil de Galicia e nas que se completou o aforo ofertado en todas as funcións como son: Os Quinquilláns que escenificou o espectáculo “O Mago de Oz” o pasado día 12 de decembro; Talía Teatro que trouxo a Culleredo o día 18 de decembro “O merlo branco” e Titeres Cachirulo que o día 19 escenificará a obra de monicreques “Do, re, mi Mozart xoga aquí”, así como o espectáculo de maxia a cargo do Mago Vituco & Jessica , “Ilusión Máxica” o día 22 de decembro, un espectáculo baseado nas grandes producións de Las Vegas, o primeiro show destas características creado en Galicia. .

“DO, RE, MI MOZART XOGA AQUÍ” conta a historia dunha tarde de outono na que Amadeus e nannerl refúxianse no salón da súa casa, despois de coller un cesto de verduras para facerlle unha broma á súa cociñeira. Xogando coas verduras comezan a crear unha historia e, a partir de ahí, vanse sucedendo diferentes escenas nas que, a través dos instrumentos musicais, van creando aventuras en cadros cómicos.

A entrada xeral é de 2,50 € e a reducida de 1,25 €(nenos/as, maiores de 65 anos, carné xove, estudantes...).

Culleredo, 15 de decembro de 2008

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez